



Sr Presidente da Xunta de Galicia
D. Alberto Núñez Feijóo

Estimado Presidente.

Leo con atención nos medios de comunicación a súa misiva aberta, que me envía a modo de resposta, á nosa petición de xuntanza con vostede por parte dos alcaldes de Trabada e Ribadeo.

Non entendo moi ben o proceder na comunicación da mensaxe, pois a día de hoxe non entrou formal nin informalmente a súa comunicación pola canle pola que as administracións nos comunicamos, isto é, por rexistro oficial. En todo caso, ao vostede querernos comunicar a súa mensaxe ao tempo que a toda a cidadanía, pois eu escollo o mesmo xeito de resposta cordial. Quedo en primeiro lugar agradecido pola felicitación do meu recente nomeamento como Alcalde de Ribadeo, despois de renovar a confianza maioritaria dos homes e mulleres deste nobre Concello. Asegúrolle que habemos seguir traballando coa mesma lealdade á nosa cidadanía que até agora.

Mais aló destes cumpridos, vexo que me indica a variada normativa pola que, segundo vostede, os Concellos nos debemos de converter en pequenas cidades-estado e resolver os problemas básicos cos nosos medios, e en troques, a Xunta de Galicia pouco máis pode que dar ánimos, folgos e, se cadra, algunha axuda puntual.

Fala, entre outras cuestións, da gracia que a Xunta concedeu a Ribadeo coa construción dunha depuradora. E é ben certo, mais non foi curiosamente no seu goberno, senón no bipartito anterior. Debo lembrarlle que o goberno que vostede preside tan só asistiu ao acto de inauguración no ano 2009, poucos días despois de ser vostede investido presidente de tódolos galegos e galegas. E, como saberá, o custo da xestión desa explotación é pagado con cargo ao canon de saneamento ao que todos contribuímos, polo que non saen os recursos de partidas de investimento da súa administración.

Continua vostede no seu escrito manifestando que, segundo o informan desde Augas de Galicia, no ano 2014 a Xunta de Galicia ofreceu a súa axuda, e este Concello non actuou de xeito correcto, pouco menos que rexeitándoa.

Supoño que non crerá sinceramente que un asunto tan importante como o abasto de auga, no que levamos traballando sen descanso cando menos desde o 2007, e solicitando axuda a diferentes gobernos autonómicos, ía ser despachado sen máis cunha desatención palmaria pola nosa parte.

Debo dicirlle con pesar, que eses servizos que o asesoran informárono mal nesta ocasión. O único que nos pediu Augas de Galicia en escrito recibido o 11/12/2014 con relación a un proxecto para a construción dun depósito, foi a certificación urbanística dos terreos da previsible situación, algo que dilixentemente mandamos de xeito inmediato, xunto con outras observacións das deficiencias observadas polos técnicos municipais sobre o proxecto que a

FERNANDO SUAREZ BARCIA (1 para 1)

ALCALDE

Data de Sinatura: 16/09/2019

HASH: 8752ad2ef69d35b5c32a8e86ecc0ea1a



Xunta tiña redactado.

Con todo e aínda que non nolos pediran, como en Ribadeo gústanos facer as cousas o mellor posible, iniciamos igualmente os trámites para expropiar os posibles terreos da situación do novo depósito, proceso que comezou coa aprobación definitiva do PXOM no ano 2014, no que se vinculaban a esa finalidade. A expropiación en si rematou co acordo do Xurado de Expropiación de Galicia de 25/04/2019.

O certo é que nunca máis soubemos nada formalmente das nosas suxestións técnicas enviadas para mellorar o proxecto técnico en cuestión, ou mesmo da “suposta” petición dos terreos por parte da Xunta de Galicia ao Concello de Ribadeo. Pode revisar, se así gusta, o rexistro oficial do concello para comprobar a veracidade desta afirmación.

Supoño ademais, á vista da súa misiva, que os gabinetes que lle redactaron os informes que vostede menciona, non lle explicaron que a solución aos problemas de subministración de auga que padecen Ribadeo e Trabada, non depende principalmente dun hipotético novo Depósito, senón da substitución dos máis de vinte quilómetros de acometida de auga de 300 mm. que actualmente discorre na súa meirande parte pola traza da antiga liña do ferrocarril mineiro de Vilaoudriz a Ribadeo.

Deducimos que o proxecto que a Consellaría de Medio Ambiente redactou daquela, o global, non a separata do depósito, contemplaba unha nova localización nas tubarías de transporte de auga por camiños ou espazos públicos, aínda que nunca o puidemos saber porque esa mesma Consellaría, a pesares dos múltiples requirimentos verbais e escritos, nunca nos comunicou mais nada sobre unha posible actuación de mellora e renovación da rede de auga nin chegou a enviar proxecto algún, e moito menos, dialogar formalmente connosco para ver por onde podería pasar a posible nova acometida de augas.

Soamente nestes últimos tempos, e por mor doutro dos nosos múltiples escritos (que se achega a este escrito), lles requirimos para que nos deran copia do que tivesen nos seus arquivos. Esta petición foi finalmente atendida hai exactamente 5 semanas.

Cando lle escribiron os informes internos, non sei se lle comentaron tamén o que o ex Director de Augas de Galicia, o Sr. Roberto Rodríguez, recoñeceume a min persoalmente a modo de confesión cristiá (é posible que tivera algún remorso de conciencia) que o proxecto de substitución da totalidade da acometida de auga de 5,5 millóns de euros era moi grande para que a Xunta investise en Ribadeo, pero que tiveron a intención de facer unha primeira fase coa construción do tan traído e levado novo Depósito. Logo indicoume que, coincidindo nas datas coa nosa dilixente resposta de data 28/01/2015 sobre a certificación urbanística requirida por Augas de Galicia, tamén tiveron un informe desfavorable do Departamento de Intervención da Xunta, sobre a posibilidade de aplicar fondos europeos para a construción deste depósito, posto que o financiamento da UE só podía ser para proxectos completos, e este non o era, ao ser só unha primeira fase.

De aí que nunca máis volvésemos saber nada, nin da “primeira fase” nin do proxecto completo, tampouco incluso nestes derradeiros anos en que tivemos gravísimos problemas con vertidos de lixiviados no Río Grande, onde temos outra captación menor de auga, que é a que a nivel moi precario nos vén salvando cando rompe a traída principal. Neste caso a incompetencia de varios dos seus departamentos, como Augas de Galicia, Dirección Xeral de Saúde Pública, Control de Vertidos, etc. provocou que, despois de numerosísimas denuncias durante tres anos



sen que nos fixeran caso algún, tiveramos que rematar acudindo á Fiscalía de Lugo para denunciar, coa impotencia de ver como se podían sistematicamente verter lixiviados contaminantes a un río, sen que ningunha autoridade autonómica fixera o máis mínimo por evitalo, mais aló de convidarnos “amablemente” a cesar a subministración neses puntos de captación, no caso de non ser a súa auga apta para o consumo. Non lle minto se lle digo que esta resposta nos causou indignación e estupor, por non dicir algo máis forte.

Tamén, e para sermos francos de todo, pódolle dicir que algún tipo de compaixón por nós debeu sentir o daquela Director Xeral de Augas de Galicia, Sr. Roberto Rodríguez, por toda esta situación que describo, posto que me chegou a ofrecer algunha pequena actuación a modo de “parche”. Nós, que antepoñemos o servizo público e o benestar cidadá por riba de calquera estratexema política, aceptamos o ofrecemento e suxerímoslle (de acordo cos técnicos municipais) volver a usar os vellos mananciais chamados As Fontes do Lobo (que era o lugar da antiga captación de auga de Ribadeo de mediados do século XX e que estaban abandonadas e en desuso desde hai máis de 25 anos), sendo conscientes ambos de que en ningún caso sería caudal abondo para resolver as necesidades do Ribadeo actual, mais confiando que este pequeno alento de aporte de auga puidera ser un alivio á precaria situación que padecemos.

Pois ben, parece ser que este proxecto foi elaborado (non o podemos asegurar porque a Consellaría de Medio Ambiente nunca nolo remitiu), posto que vimos as partidas económicas consignadas nos orzamentos da Xunta de hai dous exercicios. O terrible desta última ilusión, foi precisamente que fose iso, unha mera ilusión, pois a Xunta de Galicia que Vde. preside, e polas razóns que Vde. saberá, nunca licitou nin executou este proxectiño cativo de poñer a funcionar as vellos Fontes do Lobo.

Fala vostede de que outras administracións, nomeadamente a Deputación de Lugo, teñen capacidade para axudar a Concellos de menos de 20.000 habitantes, e o certo é que non lle falta razón. Quizais se deba ter en conta, e debemos chamar novamente ás súas portas, como temos feito con fortuna para outros proxectos que pasarán á historia como o paradigma da boa política social, isto é, para a construción e xestión posterior dunha nova residencia para persoas maiores en Ribadeo, e que tristemente, e a pesares de telo pedido encarecidamente, non contou con un só céntimo de euro da Xunta de Galicia, precisamente a administración que ten as competencias de cheo nesta materia social.

O porqué de todo isto deduzo que, como noutras moitas cousas, poida ter orixe en estratexias electorais, aínda que vostede, mellor que ninguén, debe saber a clave.

Mais, volvendo ao tema da auga que nos ocupa nesta epístola sincera e con vocación de diálogo e acordo, e tendo en conta que as Deputacións deben prestar tamén a axuda que corresponda, quero lembrarlle que é obriga e competencia do goberno galego, ou sexa, de vostede como Presidente, destinar o recadado dos galegos e das galegas, tamén dos de Ribadeo, do Canon da Auga que periodicamente e desde hai 10 anos se inclúe en cada recibo da auga que os abonados pagan.

Por se non lle fixeron a conta no Departamento recadador correspondente de Augas de Galicia, cada ano desde hai 10, a Xunta de Galicia recada en Ribadeo uns 200.000,00 € en concepto de Canon da Auga, e outros tantos cartos en Canon de Saneamento.

Se somos honestos de verdade, e nos cinximos tan só ao Canon de Auga, verá que



doadamente facendo a conta veñen saíndo uns 2.000.000,00 € entregados á Xunta, precisamente para a realización de infraestruturas hidráulicas como a que levamos anos demandando sen éxito desde os Concellos de Trabada e Ribadeo.

Xa sei que o destino e distribución destes recursos non é automático para os Concellos que os achegan, senón discrecional e arbitrario. Por iso mesmo, pídlle que desta volta, a discrecionalidade e a arbitrariedade vaia en favor dos que, coma nós, levamos unha década (casualmente desde que vostede é Presidente da Xunta de Galicia) sen recibir neste concepto de abasto de auga un só euro. Non pode computarme aquí, como fai algunha xente do seu partido, as exiguas achegas xenéricas que por dereito de poboación ou territorio nos poidan corresponder ao igual que o resto de Concellos do País.

Créame que a pesares de todo isto, encaramos este novo mandato con ilusión, ánimo e espírito de colaboración entre as diferentes Administracións. E por iso que lle pido que, como Presidente da Xunta, nos escoite e acceda a buscar unha solución posible, viable e realizable para acadar unha subministración de auga continua e de calidade para os veciños e veciñas de Trabada e Ribadeo, con independencia da opción lexítima a quen teña apoiado a cidadanía destes concellos en pasadas eleccións. A fin de contas, todos bebemos da mesma auga.

E permítame unha analogía, despois de ler con atención unha entrevista súa nun xornal de tirada estatal este domingo. Alí expón a súa preocupación pola gobernabilidade do Estado, e manifesta que deba haber homes de estado en troques de políticos adolescentes nestas situacións complexas como a que estamos a vivir.

Eu atrevome, seguindo a súa reflexión, a pedirlle que sexa valente, que se vostede quere predicar co exemplo de ser unha persoa de estado, non pode por mais tempo deixar desatendida a esta poboación de Trabada e Ribadeo, que non pode deixarse levar polas estratexias políticas que tanto aburren á nosa sociedade, que non se pode parapetar por detrás de notas de prensa de gabinetes que nos usan como tropas de choque nunha batalla desigual. Vostede ten o deber de tratarnos como a administración que vostede dirixe trata a outros. Á vista están os convenios bilaterais que publica periodicamente o Diario Oficial de Galicia de actuacións de auga con outros Concellos do noso pequeno País.

Agardando ás súas novas, reciba pois a miña consideración máis sincera.

Un cordial saúdo,

Fernando Suárez Barcia. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo

P.D. Axunto a este escrito os documentos que fun nomeando ao longo do texto, e que poño á súa disposición e á de todo aquel que queira acceder ao seu contido

Documento nº 1. Escrito de Augas de Galicia solicitando a certificación urbanística dos terreos para situar o depósito

Documento nº 2. Resposta do concello á solicitude anterior, engadindo suxestións técnicas para engadir ou corrixir no proxecto

Documento nº 3. Requirimento do concello a Augas de Galicia solicitando copia dos proxectos e previsións de execución

Documento nº 4. Resposta de Augas de Galicia á solicitude anterior, axuntando un enlace para descargar os proxectos, anunciando que non hai previsión de execución

Documento nº 5. Resposta da Dirección Xeral de Saúde Pública (04/03/2016) a unha das múltiples denuncias sobre vertidos na captación do Río Grande, lembrándonos a obriga de cesar a subministración

Documento nº 6. Resposta aos Conselleiros de Medioambiente e Sanidade (11/03/2016) cuestionando o procedemento de actuación neste proceso ao tempo que se lles esixían accións para solventar a problemática do vertido de lixiviados.



EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO
 Rúa Doutor Maceira, 18-Baixo
 15706 Santiago de Compostela
 Teléfono: 981 957 417 / 15
 Fax: 981 957 413



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REGISTRO DE AUGAS DE GALICIA (RDGR MAGRRA)
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 1289 / RX 1197349

DEB: 10/12/2014 12:25:18



Fernando Suárez
 Alcalde



Praza de España, 1

27700 Ribadeo

11 DEC 2014

14027

SAÍDA Nº

CLAVE OH.227.626
 DOCUMENTO Actuacións no abastecemento de Ribadeo. Fase I
 ASUNTO Solicitud de informe de compatibilidade urbanística

Exposición

O EPE Augas de Galicia tramita a aprobación do proxecto "Actuacións no abastecemento de Ribadeo. Fase I".

Na Instrución Técnica para Obras Hidráulicas en Galicia, Estrutura e contido dos proxectos de abastecemento e saneamento (ITOGH-0/0) establece que se debe acreditar que as actuacións proxectadas son coherentes co planeamento urbanístico vixente, conforme co indicado no artigo 29.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia: "Para a aprobación técnica do proxecto, anteprojecto ou documento técnico similar dunha obra hidráulica de interese da comunidade autónoma deberase contar cun informe preceptivo acerca da compatibilidade da actuación co planeamento urbanístico vixente, que será omitido pola Administración Urbanística competente no prazo máximo dun mes dende a súa solicitude."


Solicitud de informe

Dado que a este EPE Augas de Galicia non lle consta a citada acreditación, solicitamos do seu Concello informe da compatibilidade urbanística das actuacións proxectadas mediante oficio asinado polo Secretario/a do Concello.

Ademáis, e no caso de que fose necesaria a obtención de autorización autonómica da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, solicitamos o inicio da tramitación conforme co indicado no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Remítese copia do documento técnico citado.

En Santiago de Compostela, 8 de decembro de 2014.



Jesús A. Manrique Merino
 Secretario/a de programación e seguimento de obras
 EPE Augas de Galicia



Doc. n=2



EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

É COPIA



EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Expediente N.º: 202/2015

Data: 27 de xaneiro de 2015

Asunto: Informe urbanístico Augas de Galicia: Abastecemento Fase I

Destinatario: Augas de Galicia

28 ENE. 2015

ENTRADA Nº

SAIDA Nº

293

OFICIO DE ALCALDÍA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
AUGAS DE GALICIA

Rúa Doutor Maceira 18 baixo,
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

FERNANDO SUAREZ BARCIA (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 28/01/2015
HASH: 862321e17c983b70249e3de107297c7e

En resposta ao seu escrito de data 10/12/2014, relativo á emisión de informe de compatibilidade urbanística preceptivo segundo esixencia da Lei 9/2010, de 4 de novembro de Augas de Galicia, para a execución do proxecto "Actuacións no abastecemento de Ribadeo. Fase I", axúntase o mesmo ao presente, emitido polo arquitecto municipal, de data 26/01/2015.

Sinalarlles que, no devandito informe, ademais da preceptiva análise do proxecto en relación coa viabilidade urbanística, maniféstanse unha serie de **consideracións e recomendacións** en relación co mesmo, que, na medida en que este concello é a administración que devirá en titular e responsable das instalacións que pretenden executar, deberían cando menos ter en conta.

Debe subliñarse que esta é a primeira oportunidade en que se poden facer alegacións ou observacións por parte desta administración que represento, posto que non se tiña coñecemento previo de que o proxecto en cuestión se ía executar nun lapso tan cercano de tempo.

En todo caso, as consideracións que se recollen no informe, como non pode ser doutro xeito, están elaboradas dende un punto de vista puramente técnico e obxectivo, en aras a lograr a maior eficacia e eficiencia técnica e de asignación de recursos posible, baseándose tamén en datos e informes achegados polo concesionario do abasto de auga municipal, que tamén coñece os puntos febles e deficiencias máis acuciantes do servizo.

Ademais do anterior, lémbrolles tamén que vostedes son coñecedores da situación que se está a padecer nos últimos tempos de vertidos ao río Grande, concretamente no encoro de Lexoso, procedentes dunha instalación industrial sita no veciño Concello de Barreiros, que afecta á outra captación de auga da que nos servimos, que ocasiona que en numerosas ocasións teña que estar restrinxida ou cortada a subministración.

De non poñer remedio tamén a esta situación, a actuación que se contempla no proxecto quedará coxa, se non se realiza tamén a substitución da tubaxe de fibrocemento da traída de Vilarbetote, tal e como se expón no informe emitido polo técnico municipal que se lles axunta.

En consecuencia, sen menoscabo da interese municipal na execución do proxecto, pregáselles que tomen en consideración na medida do posible o exposto no presente escrito.

En Ribadeo, a 27 de xaneiro de 2015

ALCALDE,
Asdo.: FERNANDO SUAREZ BARCIA.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



Cod. Validación: RXZVWCGC9DX4PWC57D5A3LD2D9 | Corrección: http://ribadeo.sedelectronica.es/ | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

Área de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo

**AUGAS DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 Santiago de Compostela**

Asunto.- Deficiencias no abastecemento do Concello de Ribadeo


Non lles soarán a novo as múltiples deficiencias e ameazas ás que se ve sometido o sistema de abastecemento de auga para consumo humano do Concello de Ribadeo.

Por unha banda está a captación existente en Vilarbetote, no termo municipal de Trabada, pois a tubaxe que transporta a auga, ao longo de máis de 20 quilómetros, fabricada en fibrocemento a finais dos anos 70 do século XX, xa ten máis que esgotada a súa vida útil, producíndose con certa frecuencia rupturas imprevisibles en canto ao momento e lugar, o que ademais do impacto negativo para o medio ambiente supón un importante prexuízo económico tanto para o Concello de Ribadeo como para o veciño de Trabada, e por riba de todo o perigo de deixar desabastecida de auga a unha poboación estable de máis de 12.000 persoas.

En reiteradas ocasións lles temos pedido axuda para corrixir esta problemática, sen que a día de hoxe fose atendida. Iso si, temos constancia de que existe un proxecto redactado pola Xunta de Galicia ao respecto desde hai varios anos, que nunca chegamos a ver. Do que si tivemos coñecemento foi dunha separata deste proxecto para un depósito de auga da que nos deron traslado co fin de coñecer a nosa opinión, a cal oportunamente lles foi remitida.

Posteriormente tivemos coñecemento, despois dos múltiples escritos que lles remitimos para mellorar o abastecemento de Ribadeo, que Augas de Galicia ía facer unha conexión dende as antigas Fontes do Lobo á rede municipal, sen que a día de hoxe soubésemos nada máis ao respecto.

Non hai que esquecer que toda esta situación se ve seriamente agravada por mor dos vertidos contaminantes á segunda captación de auga para consumo humano, existente en Lexoso. Vertidos que proceden dun terceiro Concello, como é Barreiros, e ante os cales o Concello de Ribadeo non pode actuar máis que transmitíndolle as súas denuncias aos distintos organismos implicados, como son, a propia instalación causante dos vertidos, o Concello de Barreiros onde radica a mesma, Augas de Galicia, Confederación Hidrográfica do Cantábrico, Consellerías de Sanidade e Medio Ambiente ou o SEPRONA, sen que a día de hoxe se vise corrixida esta situación que o Concello de Ribadeo levou ata a Fiscalía e onde hai poucas semanas se produciu un novo vertido ao río de onde se nutre esta segunda captación de Ribadeo.



Feito polo cal, en base ao anteriormente exposto, quero realizarlles **tres peticións**:

- **Que nos remitan copia do proxecto orixinal de substitución da tubaxe do abastecemento principal de Ribadeo que vai dende Vilarbetote (Trabada) ata Santa Cruz (Ribadeo).**
- **Sobre o anterior punto, coñecer se teñen previsión de executar este proxecto e, de ser o caso, con que prazos sería.**
- **No referente á conexión do abastecemento municipal coas Fontes do Lobo, coñecer igualmente se teñen previsión de executar esta actuación e, de ser o caso, con que prazos sería.**

En Ribadeo, a data de sinatura electrónica.

O Alcalde,

Fernando Suárez Barcia

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)



ALCALDE DE RIBADEO
 D. Fernando Suárez Barcia

Estimado Alcalde:

O pasado mes de xullo recibimos un escrito no que nos comenta a situación do abastecemento no seu concello, solicítanos dous proxectos e pídenos información sobre a posible previsión de execución dos mesmos.

En primeiro lugar cómpre aclarar que tanto o abastecemento como o saneamento son competencia municipal, tal e como indica o artigo 25.2 da lei de bases de réxime local.

Así mesmo, as deputacións provinciais teñen encomendada a coordinación destes servizos en aqueles concellos con poboacións menores de 20.000 habitantes. Tamén é certo que Augas de Galicia ten un mandato de colaboración coas entidades locais e froito deste mandato fixéronse grandes actuacións no seu concello.

No ano 2010, por iniciativa do Concello, Augas de Galicia realizou un estudo previo para avaliar a situación do abastecemento en Ribadeo recomendando:

- aumentar a capacidade de regulación
- substituír a antiga tubaxe de fibrocemento
- limpar o azude de Lexoso na captación

Finalmente isto materializouse nun anteproxecto que se xunta e cuxo importe ascendeu naquel momento a 5.700.000€.

Buscando a posibilidade de colaborar co Concello en diferentes fases, redactouse o proxecto da primeira fase que tamén se remite. Este proxecto tiña por obxecto aumentar a capacidade de regulación coa construción dun novo depósito e a renovación do existente. O importe do proxecto ascendía a 1.396.587,63 € e bloqueouse por parte do Concello ao non facilitar o acceso ao terreo para facer o estudo xeotécnico nin poñer a disposición os terreos para facer a actuación.

A necesidade de por a disposición estes terreos lle foi recordada ao Alcalde nunha reunión co director de Augas de Galicia o día 5 de agosto de 2014.



Xacobeo 2021

Os datos persoais que puidera conter este documento serán tratados de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e atópanse recollidos nun ficheiro debidamente inscrito na AEPD, responsabilidade de Augas de Galicia, coa exclusiva finalidade da tramitación e xestión do presente procedemento. Só se procederá á cesión naqueles casos explicitamente considerados na lei. Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal, que poderán solicitar por escrito a Augas de Galicia, Plaza Camilo Díaz Baliño 7-9, 15704 Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a augasdeg Galicia@xunta.gal





Naquel momento Augas de Galicia tiña a posibilidade de destinar fondos FEDER a execución de dita obra, fondos que non foron executados pola falta da disposición dos terreos po parte do Concello. En cambio, no actual período operativo non hai fondos FEDER para abastecemento.

A execución desta primeira fase era fundamental para garantir o abastecemento sen interrupcións.

A día de hoxe Augas de Galicia non ten programada a execución desta actuación.

Xunto a este escrito enviámoslle, mediante enlace, os proxectos por se son de utilidade para o Concello.

Quedando a súa disposición para calquera dúbida ou aclaración, reciba un cordial saúdo

<http://descargas.xunta.es/c1138a05-be13-4726-b3c1-389796f1b06f1564988582288>

(data límite de descarga 13.08.2019)

En Santiago de Compostela,

A Directora de Augas de Galicia
Teresa M^a Gutiérrez López
{documento asinado dixitalmente}

Asinado por GUTIÉRREZ LÓPEZ, TERESA MARÍA
Cargo Directora de Augas de Galicia
Data e hora: 08/08/2019 09:03:04





REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

Servizo de Sa EIP	CONCELLO DE RIBADEO		REGISTRO DE SANIDADE COMPOSTELA	Data 04/03/2016 11:44:27
	REGISTRO ENTRADA		/ RX 317385	
	2016-E-RC-2649			
	07/03/2016 14:32			

Asunto: vertidos al embalse de Lexoso. Municipio de Ribadeo

En relación cos escritos presentados a esta Dirección Xeral de Saúde Pública con rexistro de saída "2016-S-RC-909" e "2016-S-RC-990", sobre os vertidos continuos que se están a producir no encoro de Lexoso do río Grande, afluente do río Eo situado dentro do ámbito territorial do seu concello, infórmoo de que as súas denuncias foron remitidas á Confederación Hidrográfica do Cantábrico, organo con competencias sobre Dominio Público Hidráulico desa captación. Así mesmo se lle remite unha copia dese escrito á Subdirección Xeral de Dominio Público Hidráulico de Augas de Galicia para a súa información e por si por parte de ese organismo procede realizar algunha actuación.

Por outra banda, tal e como informan no seu escrito, estas verteduras están modificando a calidade da auga bruta co consecuente empeoramento da calidade da auga de consumo que producen reiterados incumplimentos en pH, cloro libre residual, amonio, oxidabilidade e olor, entre outros parámetros. Por tanto lle recordamos que segundo o artigo 4 do Real decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo, o concello é responsable de asegurar que a auga subministrada a través de calquera rede de distribución, cisterna ou depósito móbil no seu ámbito territorial sexa apta para o consumo humano no punto de entrega ao consumidor. Así mesmo, se a calidade da auga sofre modificacións que impliquen que de forma temporal ou permanente non sexa apta para o consumo, o xestor deberá poñer en coñecemento da poboación e outros xestores afectados, así como do concello, a dita situación de incumprimento, as medidas correctoras e preventivas previstas, a través dos medios e na forma que considere mais adecuada, de acordo coa autoridade sanitaria, co fin de evitar calquera risco que afecte a protección da saúde humana.

No artigo 27 dese mesmo Real decreto 140/2003 se indican as actuacións que cómpren realizar ante calquer incumprimento detectado, polo que deberán actuar no marco do antedito



regulamento. O resumo destas actuacións pódono descargar dende a nosa páxina web (<http://www.sergas.es/Saude-publica/Augas-de-consumo>).

O que lle comunico co fin de que no ámbito de sus competencias leven a cabo as actuacións oportunas.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2016

A directora xeral de Saúde Pública



Sonia Martínez Arca

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBADEO. PRAZA DE ESPAÑA NÚM 1.

27700 RIBADEO. LUGO



DOC. nº b
000638

Á ATENCIÓN DE BEATRIZ MATO
CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS e c/c Á
JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, CONSELLEIRO DE SANIDADE
San Lázaro, s/n
15704 Santiago de Compostela

Asunto.- Problemática relativa á vertidos no encoro de Lexoso e abastecemento de auga a Ribadeo.

Benqueridos Conselleiros:

Desde hai xa tempo levamos comunicando a diferentes departamentos das Consellerías que vostedes dirixen como é o caso de *Augas de Galicia* e da *Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública* das enormes problemáticas que estamos a padecer en Ribadeo no tocante á calidade da auga e do seu subministro á poboación.

Hai ben poucos días trasladei novamente a escolma mais significativa de misivas que nos dous últimos anos foron enviadas a varios dos departamentos e órganos con competencias nas materias referidas. Nelas, solicitabamos a adopción de medidas para o cesamento dos verquidos localizados no Río Grande á altura doutro termo municipal distinto ao noso como é o de Barreiros pero que afectan de xeito directo a unha das captacións principais de auga en Lexoso (Ribadeo). Asemade, faciamos fincapé na necesidade de substitución da acometida tamén principal da outra captación situada no Río Eo e tamén neste caso, á altura doutro concello limítrofe como é o de Trabada, que ten mais de corenta anos, está construída en fibrocemento e ten uns ratios de rotura elevadísimos co consecuente risco de desabastecemento á poboación.

Neste caso, ao contrario que doutras veces, a resposta foi mais axiña, aínda que o contido da mesma volve ser, se cadra, preocupante. Explícome. Na resposta que indica **Augas de Galicia** fai saber que recoñecen a problemática do verquido dos lixiviados por esa actividade agroindustrial, que están en contacto coa entidade que está a verquer esas augas residuais ao río; que están a tramitar unha autorización de verquido; que están nun proceso de corrección das eivas actuais; que xa lles incoaron exptes. sancionadores e que esas operacións deberán levarse a cabo co concurso do Concello de Ribadeo.

Sorprende esta última explicación porque o Concello de Ribadeo, primeiro interesado en que eses verquidos non se produzan, dificilmente poderá actuar nun termo municipal que non é o seu, dado que nin os técnicos municipais de Ribadeo teñen competencia para actuar, ordenar a aplicación da lexislación competente no Concello de Barreiros. Pero en todo caso,



FERNANDO SUAREZ BARCIA (1 para 1)
ALCALDE
Data de Surtida: 11/03/2016
HASH: 602321e7c983b7024963de10729f7c7e



cada día que chove, é un novo día no que milleiros de litros de lixiviado acaban indo ao Río Grande en Barreiros, e que dous ou tres quilómetros mais abaixo, chegan tamén polo mesmo Río Grande ao encoro de Lexoso en Ribadeo. Desde o 22/02/2016, día de envío do último escrito a Saúde Pública e a Augas de Galicia até hoxe, entraron no rexistro xeral deste concello un total de seis comunicacións de incidencias de verqueduras manifestadas pola empresa concesionaria de auga (23/02/2016; 29/02/2016; 05/03/2016; 05/03/2016; 09/03/2016 e 10/03/2016 das cales se achega copia).

No tocante á resposta da Dirección Xeral de Saúde Pública temos que manifestar o noso estupor. Primeiramente confirman que *"estas verteduras están modificando a calidade da auga bruta co consecuento empeoramento da calidade da auga de consumo que producen reiterados incumplimentos da pH, cloro libre residual, amonio, oxidabilidade e olor, entre outros parámetros"*, para de seguido cominarnos a que cumpramos o establecido no RD 140/2003 no tocante á responsabilidade municipal de asegurar que a auga subministrada pola rede de distribución sexa apta para o consumo humano así como unha serie de medidas a adoptar se a calidade da mesma sofre modificacións que a empeoren chegando a cortar o subministro se for preciso.

Temos que dicir que somos conscientes e cumprimos escrupulosamente o establecido na normativa vixente ao respecto, dado que a concesionaria do servizo ten cortado en numerosísimas ocasións o subministro desta captación cando os parámetros non encaixan no disposto nese Real Decreto 140/2003 e chegando a efectuar avisos á poboación na forma que tamén se establecen nas devanditas normas. Somos conscientes que a responsabilidade solidaria de que o líquido elemento unha vez que entra nas tubaxes desde as captacións, tratamento, cloración e distribución correspóndelle ao Concello a través da empresa concesionaria de augas.

Pero señores Conselleiros, o que nos agravia até límites de non aturar mais, é que quen ten a obriga de velar pola calidade da auga que vén polo río abaixo nos indiquen que é a nosa responsabilidade esta situación. Non acerto a atopar unha metáfora tan acaída como a de que se eu na miña casa diviso un incendio forestal e chamo ás autoridades, estas, en troques de mobilizar cantos recursos físicos e legais e económicos estean ao seu alcance, límítanse a indicarme de que serei o responsable de se o monte se queima.

En vista pois da falta palmaria de responsabilidade nestes procederes quero comunicar que o Concello de Ribadeo é responsable do subministro de auga potable aos seus mais de 6.000 abonados, pero non o é da competencia de controlar ou fiscalizar un verquido alén do seu termo municipal polo que serán as Administracións competentes (Xunta de Galicia e Confederación Hidrográfica do Cantábrico dado que esta ten competencias en planificación) as que teñan que cumprir as súas responsabilidades. Levamos mais de seis anos comunicando as importantes eivas de ter unhas redes de transporte de auga moi deterioradas como a do Río Eo



e que dá servizo aos Concellos de Trabada e Ribadeo. E levamos mais de dous anos informando da situación insostible e ilegal de verquidos que se producen a un Río no Concello de Barreiros que aos poucos, temos xa no noso territorio unha captación de auga para consumo humano. Cómpre unha solución inmediata a esta inxustiza.

Avisamos de que se esta situación persiste cando se sabe e se confirma que existe un verquido destas características deteriorando a calidade das augas unha vez reiterados os avisos por parte deste Concello a Augas de Galicia, Saúde Pública, Confederación Hidrográfica do Cantábrico, Seprona e Cooperativa Os Irmandiños, verémonos na obriga de cumprir a nosa responsabilidade de poñelo en coñecemento das autoridades xudiciais correspondentes.

Agardando novas súas de xeito inmediato ao tempo que ficando á súa disposición para o que for preciso.

Atentamente,

Ribadeo, a data da sinatura electrónica.

O Alcalde,

Fernando Suárez Barcia

Documento asinado electronicamente á marxe

